



## A mocidade e as TIC

Edición 2017

XUNTA DE GALICIA



# Índice

Página

I	Introdución	3
II	Incidencia dos xóvenes no equipamento TIC dos fogares	5
III	Incidencia dos xóvenes no uso das tecnoloxías	14
V	Conclusións	23

# I. INTRODUCCIÓN



Estudo realizado polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** da Xunta de Galicia.

**Marco estratéxico:** Axenda Dixital 2020 da Xunta de Galicia.

## Obxectivos

Evaluar a incidencia da presenza de nenos/as e xóvenes no fogar en relación ao equipamento e uso das tecnoloxías da información, a partir de datos propios do OSIMGA obtidos no marco do convenio asinado co IGE .

## II. INCIDENCIA DOS XÓVENES NO EQUIPAMENTO TIC DOS FOGARES






A diferenza no equipamento de ordenador nos fogares onde residen nenos respecto a onde non viven menores en idade escolar é de 24,5 puntos.

### Fogares con ordenador segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013-2016)

A presenza de nenos en idade escolar incide claramente na dotación de ordenador nos fogares, de modo que o 89,2% de vivendas con nenos/as de entre 3 e 16 anos dispón dalgún tipo de ordenador, o 18,6% máis que no conxunto dos fogares galegos.

## Fogares con ordenador segundo a convivencia con estudantes

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013-2016)

O 94% dos fogares onde viven estudantes maiores de 16 anos dispón de ordenador, crescendo máis dun punto porcentual respecto ao ano 2015. Nos fogares onde non conviven estudantes maiores redúcese lixeiramente.



Tanto a convivencia con nenos/as como con estudantes maiores de 16 anos ten unha influencia positiva na contratación de Internet

### Fogares con Internet contratado segundo a convivencia con nenos/as (% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013-2016)

A contratación de Internet tamén marca unha fenda de 19,9 puntos porcentuais nos fogares con nenos respecto dos fogares onde non residen menores en idade escolar.



## Fogares con Internet contratado segundo a convivencia con estudantes

(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2013-2016)

A convivencia con estudantes maiores de 16 anos fai casi universal a contratación de Internet nos fogares (98,1%), 19,4 puntos porcentuais por riba da media galega.

Existe unha clara correlación entre a presenza de nenos/as e estudantes nos fogares e a actitude positiva cara ás novas tecnoloxías

### Motivos polos que non dispoñen de Internet contratado segundo a convivencia con nenos/as

MOTIVOS	CONVIVENCIA CON NENOS/AS (%)		TOTAL (%)
	Con nenos / as en idade escolar obrigatoria	Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria	
Non o consideran útil nin interesante	29,3	68,4	65,7
Non o coñecen	9,4	25,9	24,7
Teñen poucos coñecementos para usalo	8,7	40,8	38,6
Custos altos dos equipos	64,8	21,7	24,7
Custos altos de conexión	71,9	24,1	27,4
Téñeno noutro lugar	17,5	6,3	7,1
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	7,9	2,0	2,4

Base: Fogares sen conexión a Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Os altos custes de conexión (71,9%), xunto aos dos equipos (64,8%) son os principais argumentos dos fogares con nenos onde non dispoñen de Internet.

Non obstante, a consideración da súa pouca utilidade ou a falta de interese continúa a ser a xustificación fundamental para non contratar Internet nos fogares onde non conviven nenos en idade escolar (68,4%).

## Motivos polos que non dispoñen de Internet contratado segundo a convivencia con estudantes

MOTIVOS	CONVIVENCIA CON ESTUDANTES (%)		TOTAL (%)
	Con estudantes maiores de 16 anos	Sen estudantes maiores de 16 anos	
Non o consideran útil nin interesante	32,2	65,9	65,7
Non o coñecen	9,7	24,8	24,7
Teñen poucos coñecementos para usalo	0,0	38,8	38,6
Custos altos dos equipos	50,9	24,6	24,7
Custos altos de conexión	55,4	27,2	27,4
Téñeno noutro lugar	12,1	7,0	7,1
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	2,3	2,4	2,4

Base: Fogares sen conexión a Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2016)


Tamén os fogares sen estudantes maiores de 16 anos coinciden en apuntar como motivo para non contratar Internet que non lles resulta útil nin interesante (65,9%), en contraste cos fogares onde non residen mozos/as estudantes maiores de 16 anos, que argumentan novamente os altos custes da conexión (55,4%) e dos equipos (50,9%).



A conexión a Internet por banda larga nos fogares con nenos/as en idade escolar supera en 15,2 puntos porcentuais á media galega.

### Fogares con acceso contratado a banda larga segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013-2016)

A circunstancia de que no fogar convivan nenos/as en idade escolar incrementa a contratación de banda larga nun 20% en relación aos fogares onde non conviven menores.

## Fogares con acceso contratado a banda larga segundo a convivencia con estudantes

(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2013-2016)

A presenza de estudantes maiores de 16 anos inflúe lixeiramente máis na contratación de banda larga que a convivencia con nenos/as: a contratación de banda larga supera en 21 puntos aos fogares onde non conviven estudantes maiores de 16 anos.

## III. INCIDENCIA DOS XÓVENES NO USO DAS TECNOLOXÍAS






## Uso do ordenador

O uso de ordenador entre as persoas con idades entre os 16 e os 34 anos supera en 32,7 puntos porcentuais ás persoas de 35 a 74 anos.

### Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013-2016)

O 91,2% dos mozos galegos entre 16 e 34 anos utilizaron un ordenador nos últimos tres meses.

## Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos /as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2013-2016)


O uso do ordenador é 17,3 puntos porcentuais superior nos fogares onde conviven nenos en idade escolar obrigatoria respecto dos fogares onde non viven nenos, superando en 12,7 puntos á media autonómica xeral.

## Uso de Internet

A porcentaxe de internautas entre os mozos galegos (97,2%) supera en 23,2 puntos porcentuais á media galega.

### Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013-2016)

O uso de Internet incrementábase tanto entre os xóvenes como entre os maiores, achegándose ata o 97,2% na poboación entre 16 e 34 anos.

## Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos /as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013-2016)

O 87,8% das persoas residentes en fogares con nenos/as conectáronse a Internet nos últimos tres meses, 13,8 puntos porcentuais por riba do conxunto de Galicia, fronte ao 69% dos fogares onde non conviven nenos/as.

## Frecuencia de uso de Internet nos últimos tres meses segundo a idade

(% sobre as persoas que usaron Internet nos últimos tres meses)



Fonte: OSIMGA + IGE (2013-2016)


O 91,1% dos mozos entre 16 e 34 anos conéctanse diariamente a Internet, mentres que entre os maiores de 35 a 74 anos a porcentaxe de conexión diaria descende ata o 75,2%.

## Compra electrónica

O uso do comercio electrónico crece ano a ano entre a poboación de 16 a 34 anos nun ritmo superior á poboación maior, acadando o 48,7% dos mozos que compraron algún ben ou servizo por Internet nos últimos tres meses.

### Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses

(% sobre as persoas que usaron Internet algunha vez)




Fonte: OSIMGA + IGE (2013-2016)



## Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos /as

(% sobre persoas que usaron Internet algunha vez)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Aínda que a presenza no fogar de nenos con idades entre os 3 e os 16 anos non inflúe demasiado no uso do comercio electrónico, incrementouse máis no último ano entre os fogares onde si conviven nenos.

## Trámites coa administración

Os xóvenes internautas galegos de 16 a 34 anos tamén optan con maior intensidade polo uso de Internet para relacionarse coas Administracións Públicas, especialmente á hora de obter información a través das páxinas web.

### Trámites coa administración

(% sobre persoas que usaron Internet nos últimos 12 meses)

TRÁMITES COA ADMINISTRACIÓN			TOTAL
	Xóvenes (16-34 anos)	Maiores (35-74 anos)	(%)
Obter información da páxina web	79,5	60,7	66,7
Descargar formularios oficiais	71,2	54,5	59,9
Enviar formularios cubertos	75,4	60,6	65,4

Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

# V. CONCLUSIONES



A convivencia con nenos/as incide directamente no equipamento do fogar, de modo que o 89,2% das vivendas con nenos/as de entre 3 e 16 anos dispón dalgún tipo de ordenador, 18,6% máis que no conxunto dos fogares galegos. Cando residen mozos de 16 a 34 anos, o 94% dos fogares teñen ordenador, superando en 23,4 puntos porcentuais á media galega.

A presenza de nenos en idade escolar no fogar incrementa a disponibilidad de Internet en 19,9 puntos porcentuais respecto dos fogares onde non conviven con nenos/as. No caso dos mozos estudantes de 16 a 34 anos a diferenza é lixeiramente superior, o 20,9%

Os altos custes de conexión (71,9%), xunto aos dos equipos (64,8%) son os principais argumentos dos fogares con nenos onde non dispoñen de Internet. Sin embargo, a consideración da pouca utilidade ou a falta de interese continúa a ser a xustificación fundamental para os fogares onde non conviven nenos en idade escolar (68,4%), ao igual que onde non conviven estudantes maiores de 16 anos (65,9%).

A circunstancia de que no fogar convivan nenos/as en idade escolar incrementa a contratación de banda larga nun 20%, pero a presenza de estudantes maiores de 16 anos exerce unha maior influencia, superando en 21 puntos aos fogares onde non conviven estudantes maiores de 16 anos.

O 91,2% dos mozos galegos entre 16 e 34 anos utilizaron un ordenador nos últimos tres meses, 32,7 puntos porcentuais máis que os de 35 a 74 anos; no caso dos nenos en idade escolar o uso do ordenador é 17,3 puntos porcentuais superior respecto dos fogares onde non viven nenos.

O uso de Internet achégase ata o 97,2% entres a poboación de 16 e 34 anos e ao 87,8% entre os residentes en fogares con nenos/as, 13,8 puntos porcentuais por riba do conxunto de Galicia. Ademais, o 91,1% dos mozos conéctanse diariamente, mentres que entre os de 35 a 74 anos a porcentaxe de conexión diaria é do 75,2%.

O uso do comercio electrónico crece ano a ano entre a poboación de 16 a 34 anos nun ritmo superior á poboación de 35 a 74 anos, acadando o 48,7% os mozos que compraron algún ben ou servizo por Internet nos últimos tres meses.

Os internautas galegos de 16 a 34 anos optan con maior frecuencia polo uso de Internet para relacionarse coas Administracións Públicas, especialmente á hora de obter información a través das páxinas web.

